



## Primeiro exame: parte común

### Instrucións en galego

- O exame ten 5 preguntas.  
Debes marcar as respostas na folia de respostas.  
Tamén tes que contestar a pregunta de reserva.
- Tes **media hora** para facer o exame.
- Todas as preguntas teñen 4 respostas.  
Só 1 resposta é correcta.  
As preguntas que respondas ben suman 1 punto.  
As preguntas que deixes en branco non puntúan.  
As preguntas que respondas mal non puntúan.
- Cando termines o exame:  
**Lembra que tes que facer o exame da parte específica,**  
espera as instrucións das persoas da organización.
- Podes descargar o cuestionario de preguntas  
na páxina web [www.sergas.es](http://www.sergas.es)

**Le con atención as normas para cubrir as respostas do exame.**

**1. Segundo o Estatuto de Autonomía de Galicia:**

- A) O galego é o único idioma oficial de Galicia.
- B) Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o deber de coñecelos.
- C) A lingua propia de Galicia é o galego.
- D) Todos os galegos teñen o deber de coñecer e usar o galego.

**2. Un risco laboral é:**

- A) Un dano que ocorre de súpeto no traballo.
- B) A posibilidade de que un traballador sufra un dano a consecuencia do traballo.
- C) Unha enfermidade profesional que fai que o traballador ou traballadora perda a saúde de forma lenta e progresiva.
- D) Unha enfermidade, patoloxía ou lesión producida como consecuencia do traballo.

**3. O artigo 15 da Constitución española reconece o dereito dos españois:**

- A) Á folga.
- B) Á vida, á integridade física e moral.
- C) Á educación.
- D) A participar na vida política.

**4. Os Servizos de Atención Primaria:**

- A) Integran só unha Unidade de Atención Primaria.
- B) Atenden como máximo a 20 mil persoas.
- C) Dispoñen de máis recursos que as Unidades de Atención Primaria.
- D) Os profesionais de desenvolvan o seu traballo nestes Servizos de Atención Primaria serán como mínimo 15 e como máximo 35.

**5. Clasifícanse dentro do grupo de persoal estatutario de xestión e servizos os/as:**

- A) Logopedas.
- B) Terapeutas ocupacionais.
- C) Traballadores/as sociais.
- D) Psicólogos/as.

Preguntas de reserva

**1. Segundo a Lei de saúde de Galicia, o dereito dun paciente a unha segunda opinión médica está reclacionado:**

- A) Coa confidencialidade e a información.
- B) Co acompañamento do paciente.
- C) Coa autonomía de decisión.
- D) Coa integridade e a intimidade das persoas.